# REVOLUCIÓN FRANCESA E IMPERIO NAPOLEÓNICO



# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

**A Revolución francesa sinala a fin do Antigo Réxime. As ideas ilustradas, o descontento do Terceiro Estado e a crise económica confluíron para provocar o estalido revolucionario.**




***Le defecit;* caricatura inglesa contra os ministros do rei francés**



***Lois XVI reparte alimentos aos campesiños durante o inverno de 1788-89***

- **Quen pagaba impostos no Antigo Réxime? cal foi a resposta do clero e a nobreza ao rei cando este pretendeu que contribuíran a pagar o deficit do Estado?**
- **A que grupos sociais afec taban máis as crises de subsitencia como a do inverno de 1788-89? como afectou esa crise ao desencadenamento do proceso revolucionario?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## DOS ESTADOS XERAIS Á ASEMBLEA NACIONAL

**Os estamentos privilexiados obrigaron ao rei a convocar os Estados Xerais, onde cada estamento tiña un voto. O Terceiro Estado non aceptou o voto por estamento e constituiuse en Asemblea Nacional.**



***Apeertura dos Estados Xerais;* Cauder s. XIX**



***O xuramento do Xogo da Pelota;* David, 1791**

- **Identifica os estamentos dentro da sala onde se reúnen os Estados Xerais? por que se reuniron?**
- **Que se representa no cadro de David? quen fai o xuramento? por que? son todos membros do Terceiro Estado? por que se reúnen na sala do Xogo da Pelota? quen asoma polas ventás?**
- **Indica as principais diferenzas entre os Estados Xerais e a Asemblea Nacional?**
- **Quen detentaba a soberanía nacional antes do Xuramento do Xogo da Pelota? e despois?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1789:  O ESTALIDO REVOLUCIONARIO

**O 14 de xullo o pobo de París asaltou a Bastilla para defender á Asemblea Nacional.**



***Demolición da Bastilla,* Hubert Robert**




***Il faut avoir coeur a l'ouvrage***

- **Que se celebra hoxe en Francia o 14 de xullo? por que o pobo de París tomou a Bastilla? a que se destinaba?**
- **Fíxate na viñeta da dereita, que representa? por que era tan importante 'forxar' unha Constitución? existiu esa colaboración entre os estamentos que plasma o debuxo?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1789: *LE GRAND PEUR*

**O medo do pobo á reacción dos señores levounos a asaltar e destruír castelos e mosteiros. A Asemblea Nacional aprobou a abolición do réxime feudal.**



***Le grande peur***




***Reforma dos dereitos feudais***




***J'savois bien que j'aurions not tour***

- **Cal era a aspiración dos campesiños? Xuntos cos castelos mosteiros que destruían tamén?**
- **En Galicia houbo séculos antes unha revolta na que os campesiños asaltaron e derrubaron os castelos dos señores, por que o fixeron?**
- **Que se representa na viñeta co centro? Por que lle di o campesiño ao cura que será a última vez que lle pagará? cal era a principal  taxa cobrada pola Igrexa?**
- **Describe a escena da viñeta da dereita, que celebraba? cres que realmente se deu unha situación semellante?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1789: A DECLARACIÓN DE DEREITOS

**O 26 de agosto a Asemblea aprobou a Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán.**












- Por que foi tan importante a aporbación da Declaración de Dereitos?
- Explica o significado simbólico dos elementos sacados da imaxe?

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1789: A DECLARACIÓN DE DEREITOS

**A Declaración foi só a dos Dereitos do Home. As mulleres non foron recoñecidas como cidadáns a pesar da súa participación nos actos revolucionarios. Olimpia de Gouges redactou unha Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá. Tampouco se aboliu a escravitude.**



*Os escravos das Antillas reclaman os seus dereitos*



*Olympe de Gouges*



*Marcha dss mulleres a Versalles;* outubro 1789

- **Por que non se recoñecen os dereitos dos escravos e das mulleres?**
- **Valora a vida, e a morte, de Olympe de Gouges. Mereceu a pena a súa loita?**
- **É suficiente con que unha lei recolla os dereitos para que estes se cumpran? que ten que ocorrer ademais?**
- **Que podes facer ti para que hoxe se cumpran os dereitos humanos?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1789: A DESAMORTIZACIÓN  ECLESIÁSTICA

**En novembro un Decreto da Asemblea Nacional por ‘a disposición da nación’ os bens do clero.**




*Il faut rendre à César ce qui est à César et a la nation ce qui est à la nation*



*Le Degraifseur Patriote;* 1789

- **Por que acumulara tanta riqueza o clero no Antigo Réxime?**
- **Que significa que os seus bens ‘pasan á nación’? beneficia esta medida ao pobo?**
- **Explica o significado dos debuxos.**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1791: A CONSTITUCIÓN CIVIL DO CLERO

**En xaneiro de 1791 promulgouse a Constitución Civil do Clero. Os eclesiásticos pasan a ser funcionarios do Estado, facendo caso omiso da condena papal.**




***Quel bonheur de retrouver ce que l'on aime;* 1790**



# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1791: A FUXIDA DA FAMILIA REAL

**A familia real intentou fuxir ao estranxeiro, confiando nunha intervención militar das potencias absolutistas europeas, pero foi detida en Varennes.**



***Das Tullerías a Montmidy;* 1791**



***Detención en Varennes***



***O regreso a París***



***Lois XVI* 1790**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1791: A Constitución

**A primeira Constitución escrita en Europa recoñeceu os principios básicos do liberalismo (soberanía nacional, separación de poderes...) pero o sufraxio foi censatario e prohibíronse as folgas e as asociacións obreiras.**







*Alegorías da Constitución de 1791*

- **Cales son as principais diferenzas entre o modelo político do Antigo Réxime e o establecido pola Constitución de 1791?**
- **Nas tres alegorías a Liberdade, a Constitución, represéntase como unha muller, recoñecíanse os dereitos políticos das mulleres? por que?**
- **Que grupo social se beneficiaba más das medidas recollidas na Constitución? e cales se sentían máis prexudicados? por que?**
- **Por que asina a Constitución o rei?**
- **Por que se prohiben as folgas e asociacións obreiras?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## A AXITACIÓN POLÍTICA

**Os anos revolucionarios caracterízanse pola axitación política. Publícanse centos de xornais e panfletos que se se len en alta voz; discútese nos clubs e as manifestacións na rúa son constantes. Os *sans culottes* tiveron un papel protagonista.**


QU'EST-CE QUE LE TIERS-ETAT?

Le plan de cet Ecrit est assez simple. Nous avons trois questions à nous faire.

1°. Qu'est-ce que le Tiers-Etat? Tout.

2°. Qu'a-t-il été jusqu'à présent dans l'ordre politique? Rien.

3°. Que demande-t-il? A y devenir quelque chose.

On verra si les réponses sont justes. Nous examinerons ensuite les moyens que l'on a essayés, & ceux que l'on doit prendre, afin que le Tiers-Etat devienne, en effet, *quelque chose.* Ainsi nous dirons:

4°. Ce que les Ministres ont *tenté*, & ce que les Privilégiés eux-mêmes *proposent* en sa faveur.

5°. Ce qu'on auroit *dû* faire.

6°. Enfin ce qui *reste* à faire au Tiers pour prendre la place qui lui est due.


LE VIEUX CORDELIER,

JOURNAL RÉDIGÉ

Par Camille-Desmoulins,

DEPUTÉ A LA CONVENTION, ET DOYEN DES JACOBINS,

VIVRE LIBRE OU MOURIR!

I.

Quintidi frimaire, 2e décade, l'an II de la république, une et indivisible.

(Machiavel)

O Pitt! je rends hommage à ton génie! Quels nouveaux débarqués de France en Angleterre t'ont donné de si bons conseils et des moyens si sûrs de perdre ma patrie? Tu as vu que tu échouerais éternellement contre elle, si tu ne t'attachais à perdre, dans l'opinion publique,


Je suis le véritable père Duchesne, foutre.

L'INDIGNATION DU PERE DUCHÈSNE CONTRE L'INDISSOLUBRICITÉ DU MARIAGE, ET SA MOTION POUR LE Divorce.

COMMENT, foutre, encore une femme assassinée par son mari! Cette mode-là prend bougrement.


No. XXIV.

L'AMI DU PEUPLE,

OU

LE PUBLICISTE PARISIEN,

JOURNAL POLITIQUE, LIBRE ET IMPARTIAL,

VERSAILLES ET PARIS.

Panfletos e xornais revolucionarios



Lectura dun xornal


Venda de xornais


Sans culottes bailando


Club patriótico de mulleres

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## OS GRUPOS POLÍTICOS

**As diferentes posturas políticas dos clubs deron lugar ao nacemento de grupos políticos organizados, antecedentes dos partidos políticos, sendo os máis importantes os xirondinos e os xacobinos.**



***Convención;* 1792**



***Debate sobre a paz ou a guerra no Club xacobino;* xaneiro 1792**

- **Cales eran as principais diferenzas entre xirondinos e xacobinos? a que deben o seu nome?**
- **Como naceron os concepto políticos de ‘dereita’ e ‘esquerda’? como definirías ti estes conceptos?**
- **Para que serven os partidos políticos?**
- **Que farías ti para conseguir que as túas ideas sobre a sociedade na que vives se aplicasen?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1792: GUERRA E EXÉRCITO NACIONAL

**A Guerra contra as Monarquías europeas puxo en perigo a Revolución. Decretouse o recrutamento forzoso para o Exército e o deber de todos os cidadáns de servir militarmente ao Estado.**



*A patria en perigo: voluntarios;* 1792




*A Marsellesa;* 1792



Bombardement de la ville de Lille.



Soldats pieds nus.

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1792: A REPÚBLICA

**En agosto o rei e a súa familia son encarcerados. Proclámase a República e, en xaneiro de 1793 Lois XVI é executado.**



*Caída da Monarquía, asalto ás Tullerías;* agosto 1792



*Execución de Lois XVI;* 1793



*Execución de María Antonieta en outubro de 1793;* 1850

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1792-1794: O TERROR

**Todo o proceso revolucionario se caracterizou pola violencia. Pero esta acadou un carácter extremo durante estes anos. A guillotina foi o seu símbolo.**



*Matanza nos cárceres de París;* setembro 1792



*Aristócratas e realistas; A última chamada;* C. L. Muller



*O acusador;* 1793



*Execución dos xirondinos;* maio 1793



*Tricoteuses*

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1792-1794: O TERROR

**Robespierre, líder dos xacobinos apoiado polos *sans-culottes*, encabezou este período. Creáronse tribunais especiais que exerceron unha represión durísima. Moitos dos executados eran antigo revolucionarios, opostos ás medidas dos Comités.**



O cociñeiro Robespierre



Comité Revolucionario



ÉGALITÉ LIBERTÉ

GOUVERNEMENT RÉVOLUTIONNAIRE.

RÉQUISITION DU COMITÉ DE SALUT PUBLIC.

Le Comité de Salut public, en vertu du Décret du 27 Germinal, concernant les mesures de police générale de la République, requiert le Citoyen

Pour être employé

Les Membres du Comité de Salut public,

Requerimento do Comité de Saúde Pública

- **Que finalidade tiña a política terrorista? conseguiu os seus obxectivos?**
- **Contaban con garantías legais os detidos? quen decidía as condenas?**
- **A que clase social pertencían os condenados? e a que ideoloxía política?**
- **A Convención pechou os clubs de mulleres, por que?**
- **Cal era a finalidade das matanzas dos encarcerados?**
- **Que pretendían o inventor da guillotina?**
- **Quen eran as *tricoteuses*? segue sendo hoxe un espectáculo a pena de morte?**
- **Explica a caricatura de Robespierre.**
- **Que Estados practican hoxe unha política terrorista? que pretenden conseguir?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## SÍMBOLOS REPUBLICANOS

**A República impuxo un calendario baseado nas estacións e nas tarefas agrarias, rachando co calendario relixioso. Marianne convértese no emblema da República francesa.**








- **Por que implantou un novo calendario a República? deberíase facer o mesmo nun Estado laico na actualidade?**
- **Como se representan os meses? e a República? que imaxe das mulleres trasmiten?**
- **Séguese usando a imaxa feminina de Marianne hoxe? que opinión che merece?**
- **A que meses do noso calendario corresponde o Messidor revolucionario?**
- **A que época histórica recorda a representación de Marianne? Que símbolos revolucionarios acompañan a súa imaxe?**

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1794-1799: REACCIÓN CONSERVADORA

**Robespierre, falto do apoio dos *sans culottes*, foi guillotinado xunto a ducias dos seus partidarios. A nova Convención de Thermidor permitiu o terror branco e elaborou unha constitución conservadora. A violencia e a fame continuaron.**



Robespierre guillotinado, 10 de thermidor



Muscadins



Destrucción dos bustos de Marat en 1795



Xornada do 1 de prairial




Ventres Creux, 1795



Aplicación do sistema métrico

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## 1794-1799: REACCIÓN CONSERVADORA

**O Directorio estivo controlado pola burguesía de negocios, desexosa de estabilidade. Mantiveron a República cunha forte represión na que o Exército adquiriu un papel principal.**



*O poder bascula entre realistas e xacobinos,*



*Alegoría da Conxura dos Iguais, de Babeuf*






*Alegorías de Napoleón como Salvador ou ameaza para a República*

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## CARICATURAS INGLESAS

**En Inglaterra, en guerra con Francia, desenvolveuse unha campaña de propaganda contra Francia e a Revolución.**




*O contraste;* Rowlandson 1792



*A gloria da Revolución francesa;* Gillray 1793

# A REVOLUCIÓN FRANCESA

## CARICATURAS INGLESAS




***Demócratas franceses;* 1791**




***Francés libre / Británico escravo;* 1792**




***Rexeneración démócrata;* Gillray 1795**



***Guillotina***



Le Montblanc vue depuis Genève

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## O GOLPE DE ESTADO

**O Golpe de Estado do 18 de Brumario iniciou o camiño de Napoleón cara o poder total, rematando coa etapa revolucionaria.**



*18 de brumario;* François Bouchot




*O crocodilo corso disolve o Consello de Anciáns en novembro de 1799*

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## A PROPAGANDA

Creouse todo un aparato propagandístico ao servizo do poder de Napoleón, representado coma un caudillo militar, pero tamén coma un semideus.




*Napoleón cruzando os Alpes;* David 1801



*Napoleón visitando aos apestados de Jaffa;* Gros 1804

- **Con que persoeiros históricos quere David que se identifique a Napoleón? Fíxate nos nomes que aparecen gravados nas pedras en primeiro plano.**
- **Napoleón realmente cruzou os Alpes nunha mula, que opinas do cambio de montura feito no cadro?**
- **No cadro de Gros idealízase un episodio do invasión de Exipto: en que lugar do cadro aparece Napoleón? en que se diferenza a súa actitude da dos militares que o acompañan?**
- **Que nos quere trasmitir o pintor co xesto de Napoleón tocando a ferida do leproso?**

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## A CONTRAPROPAGANDA

Nos países enfrontados á Francia a imaxe que se difundiu de Napoleón é totalmente contraria.



*Napoleón emperador;* Ingres 1806




*A medalla de Napoleón*

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## O EMPERADOR

En 1804, diante do Papa, Napoleón corouse a si mesmo e a súa muller. O 'emperador republicano' actuou coma un déspota, mesmo chegando a configurar a súa propia corte.



***A coroación de Napoleón;* David 1804**




***O panadeiro francés prepaprando unha nova fornada de reis;* Gillray 1806**




***A familia imperial***




***Napoleón amo do mundo***

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## A CONQUISTA DE EUROPA

As tropas francesas conquistaron gran parte de Europa, enfrontándose ás potencias absolutistas e a Gran Bretaña. A guerra significaba gloria para Napoleón pero tamén feridos, mortes e detrucción.



*Napoleón en Eylau;* Gros 1808



*Napoleón en Austerlitz;* Gerard 1810




*Napoleón, Xeneralísimo do demo*




*O sacrificio de Napoléon (levando os xoves á morte)* ; Louis



*O carniceiro corso sangra Europa;* Gillray

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## NAPOLEÓN E A REVOLUCIÓN

A ditadura militar napoleónica recordaba en moitos aspectos ás monarquías absolutas. Sen embargo, respectou a abolición do feudalismo, elaborou un Código Civil e impulsou o ensino público. As conquistas estenderon estas medidas revolucionarias por toda Europa.



CODE CIVIL

DES FRANÇAIS.

TITRE PRÉLIMINAIRE.

*DE LA PUBLICATION, DES EFFETS ET DE L'APPLICATION DES LOIS EN GÉNÉRAL.*

Décrété le 14 Ventôse an XI.
Promulgué le 24 du même mois.

ARTICLE 1.er

LES lois sont exécutoires dans tout le territoire français, en vertu de la promulgation qui en est faite par le PREMIER CONSUL.

Elles seront exécutées dans chaque partie de la République, du moment où la promulgation en pourra être connue.

La promulgation faite par le PREMIER CONSUL sera réputée connue dans le département où siégera le Gouvernement, un jour après celui de la promulgation; et dans chacun des autres départemens, après l'expiration du même délai, augmenté d'autant de jours qu'il y aura de fois dix myriamètres [environ vingt lieues anciennes] entre la ville où la

A




*Napoleón , a luz do s. XVIII*

- **Por que foi tan importante a publicación do Código Civil? que cambios supuña respecto do Antigo Réxime?**
- **No Código, recoñécese a igualdade de homes e mulleres?**
- **Quen promulga o Código? é froito da soberanía nacional?**
- **Quen controlaba o ensino antes das leis napoleónicas? cales eran as pretensións de Napoleón ao crear o Ensino Público?**
- **Explica o significado da caricatura, estás de acordo coa súa crítica?**

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## AS DERROTAS

As constantes guerras causaron enormes gastos, perdas humanas e fame. As derrotas en España e Rusia foron decisivas na caída do Imperio.



***A campaña rusa de 1812;* Prianishnikov, fins s. XIX**



***Napoleón , retirándose de Moscova en 1812;* Adolf Northern s. XIX**




***O touro español cornea ao matador corso; Gillray 1808***




***Revista ás tropas fao regreso de Rusia;* Cruikshank 1813**

# O IMPERIO DE NAPOLEÓN

## A DERROTA

**No Congreso de Viena se deseña o novo mapa de Europa. Volven os Borbóns ao trono francés  mentres Napoleón se converte en lenda, en mito.**



***Batalla de Waterloo;*** **Sadler s. XIX**




***Napoleón  devolve os países ocupados;*** **1814**




***Orixe da extinción imperial;*** **Lacroix**



***Repatriación das cinzas de Napoleón en 1840;*** **Isabey 1843**


HONI·SOIT